



CONCELLO DE REDONDELA

FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2019 SOLICITUDE COMUNICACIÓN / AUTORIZACIÓN

Para a realización dunha cacharela/sardiñada na noite de San Xoán no Concello de Redondela será preciso presentación mediante o Rexistro Xeral do Concello no prazo establecido (**último día do prazo, xoves 13 de xuño**)

SOLICITO comunicación / autorización (**marcar a opción que corresponda**) para a realización da tradicional fogueira de San Xoán o día 23/06/2019:

COMUNICACIÓN

AUTORIZACIÓN

Nome e apelidos da persoa responsable	
DNI	
Enderezo	
Teléfono	
Asociación ou entidade á que representa (Nome e CIF)	
Lugar de realización	

Achego a seguinte documentación:

-No caso de que a realización da cacharela/sardiñada teña lugar nunha **propiedade privada** os interesados deberán achegar:

- **plano de situación** do lugar de realización da cacharela/sardiñada.
- **fotocopia do DNI do responsable.**
- **declaración responsable debidamente asinada**

-No caso de que a realización da cacharela/sardiñada teña lugar nun **espazo público** os interesados deberán achegar:

- **plano de situación** do lugar de realización da cacharela/sardiñada.
- **seguro de responsabilidade civil** cunha cobertura mínima por importe de 150.000 euros a nome da persoa responsable, o **xustificante de estar ao corrente no pagamento do seguro.**
- **fotocopia do DNI** do responsable.
- **declaración responsable debidamente asinada**

Data e sinatura:



DECLARACIÓN RESPONSABLE

En todo caso comprométome a cumprir as seguintes normas:

Os responsables das cacharelas/sardiñadas teñen que ser maiores de idade.

En caso de solicitude de autorización deberá esperar a correspondente resolución do Concello de Redondela.

Tanto as comunicacións coma as autorizacións están suxeitas ao cumprimento dos apartados indicados a continuación:

1. Os elementos da fogueira deberán estar colocados o día anterior á queima, para que, os efectivos da Policía Local, o Servizo de Emerxencias e Protección Civil do Concello poida levar a cabo a revisión e control desta, debendo consentir o acceso á propiedade privada, no seu caso.
2. O volumen do material combustible da fogueira non superará os 8 metros de diámetro nin os 3 metros de altura.
3. Na parcela existirá unha zona despexada de vexetación na que situar a fogueira. De ser necesario farase previamente unha devasta mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nun radio de polo menos cinco metros respecto do punto no que se realizará a fogueira.
4. O emprazamento disporá de acceso inmediato e próximo de auga en cantidade suficiente e de medios materiais que permitan a extinción do lume en caso necesario.
5. A separación entre as fogueiras e os edificios, árbores e demais obxectos que poidan resultar danados será como mínimo de 12 metros.
6. Porase especial coidado de non situar baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non haxa almacenados produtos inflamables nin zona forestal.
7. Prohíbese a queima de rodas de automóbil, plásticos, aceites, espumas de poliuretano, recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays) aínda que estean baleiros, mobles e, en xeral, calquera substancia que poida desprender fumes tóxicos.



**FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2019
SOLICITUDE COMUNICACIÓN / AUTORIZACIÓN**

8. No suposto de que a fogueira se realice sobre terreos de uso público lousados, asfaltados ou pintados, as persoas que figuren como responsables neste procedemento, encargaranse de protexer o pavimento, enlousado, e chan en xeral cunha capa de area de 10 cm. en toda a superficie da fogueira ou por outro medio axeitado a este fin.

9. As persoas que figuren como responsables neste expediente deberán vixiar a fogueira en todo momento.

10. As persoas que figuren como responsables neste expediente non poderán abandonar o lugar ata que a fogueira estea totalmente apagada e transcorresen dúas (2) horas sen que se observen lapas ou brasas. En todo caso, vixiaranse as cinzas ata que se arrefrían totalmente, de forma que non poidan avivar por se mesmas ningún conato de incendio.

11. A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos y actividades recreativas de Galicia.

12. As persoas que figuren como responsables neste expediente non poderán abandonar o lugar ata que sexa restaurado ás adecuadas condicións de limpeza, ornato e salubridade. O incumprimento deste requisito dará lugar, no seu caso, a apertura dos correspondentes expedientes de orde de execución e sancionadores, no seu caso.

13. Os Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios e a Policía local poderán ordenar que se apague a fogueira se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan.

14. As autorizacións outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia provincial ou outros necesarios para a realización das actuacións autorizadas.

15. Este permiso se entenderá revogado nos seguintes casos:

xCando se dean condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control (vento, temperaturas elevadas, etc.) Así mesmo, se iniciados os traballos se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.

xCando se dean as circunstancias establecidas no Decreto 105/2006 (grande número de incendios forestais na zona, etc.)

xNos casos nos que o índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) sexa extremo o día da celebración (artigo 37.1 da Lei 3/2007). Deberá consultar este



CONCELLO DE REDONDELA

**FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2019
SOLICITUDE COMUNICACIÓN / AUTORIZACIÓN**

Índice na páxina: http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/ ou solicitar esta información ao Departamento de Medio Ambiente do Concello de Redondela no teléfono 986400300.

16. Cumprir o establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

17. A autorización e a notificación de queima non eximirá en ningún caso das responsabilidade do solicitante polos danos que podan producirse no caso de propagación do lume.

Data e sinatura: